

*Programa de
Desenvolvimento
Estratéxico da
Facultade de Bioloxía
2024-2028*



PROGRAMA DE DESENVOLVIMENTO ESTRATÉGICO

2024 - 2028

FACULDADE DE BIOLOGÍA



ÍNDICE

1. Presentación	3
2. Antecedentes e xustificación.....	4
3. Diagnóstico do centro e as súas titulacións (DAFO)	6
4. Marco estratéxico. Misión, visión e valores.....	11
Misión.....	11
Visión.....	11
Valores.....	12
5. Liñas e obxectivos estratéxicos: 2024-2028.....	13
6. Metodoloxía para a elaboración do plan	27
7. Anexo. Indicadores de posicionamiento consultados	31

1. Presentación

O presente documento presenta e desenvolve o Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo para o período 2024-2028. O Programa enmárcase no obxectivo que mantén a Facultade dende fai máis de quince anos de buscar a mellora continua na súa forma de actuar, guiándose neste caso polo procedemento estratéxico DE01 do seu Sistema de Garantía Interna de Calidade.

O marco de referencia principal que serviu como punto de partida foi o Plan Estratéxico da Universidade de Vigo (aprobado polo Claustro o 16 de decembro de 2020), o cal define á propia Universidade como “institución pública, autónoma, aberta á contorna e con vocación internacional, que promove a igualdade, a pluralidade, a accesibilidade, a sustentabilidade, a transparencia, o progreso económico e o benestar social de Galicia”. Con este referente, a Facultade de Bioloxía pretende, mediante o seu Programa de Desenvolvemento Estratéxico, contribuír á consecución da misión da Universidade, enfocando as súas liñas estratéxicas e obxectivos cara aos retos establecidos pola institución da que forma parte.

O Programa de Desenvolvemento Estratéxico é un documento central para o futuro da Facultade de Bioloxía, que xorde da reflexión colectiva e que asenta as súas raíces e a súa identidade nunha proposta formativa actualizada, atractiva e conectada de forma estreita coa contorna. Así mesmo, recoñece o valor da investigación, pilar fundamental para a actividade docente de calidade e que contribúe á xeración de coñecemento, enriquecendo o medio no que os estudantes se forman e adquiren competencias para afrontar con éxito o seu futuro profesional. Nesta mesma liña, o Programa pon en valor a contorna na que realizan a súa actividade os distintos colectivos da Facultade, velando por un uso eficiente e sostible dos recursos e a mellora da satisfacción, e trata de impulsar a súa proxección externa estreitando a relación cos empregadores e a sociedade en xeral.

O documento describe o proceso que se seguiu para reflexionar sobre a estratexia do centro, así como as conclusións ás que se chegou nas sucesivas etapas das que constou. Esta reflexión estratéxica foi liderada por unha Comisión redactora que contou coa participación significativa do PDI, representado por membros das distintas áreas de coñecemento, do PTXAS e do estudiantado, abríndose posteriormente o borrador do Programa a todos os membros da Facultade.

O proceso iniciouse cunha análise DAFO cuxos resultados foron a base para establecer as liñas estratéxicas da Facultade de Bioloxía para os próximos anos, aliñadas cos valores, eixos e obxectivos da Universidade de Vigo. Desta maneira, establécese o horizonte cara ao que queremos progresa o centro nos próximos anos e exponse as distintas actuacións que deben servir para orientar na consecución dos obxectivos, mantendo unha coherencia coas expectativas que en cada momento xurdan dos distintos grupos de interese que forman parte do centro, así como aqueles cos que se relaciona e a sociedade no seu conxunto.

2. Antecedentes e xustificación

A aposta pola calidade e mellora continua é un eixo vertebral da Facultade, coa pretensión de ser un centro de referencia na Universidade e fóra dela. Coa vista posta en alcanzar este reto deseñouse xa o primeiro Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía (2005/2007), que establecía uns obxectivos de actuación para guiar á facultade cara ao camiño da excelencia. Dese plan tamén derivou a Misión e Visión da Facultade que aínda seguen sendo referentes para o noso centro.

Destacamos a continuación algúns dos feitos máis relevantes que poñen de manifesto o noso compromiso coa calidade:

- Participación da titulación de Licenciado en Bioloxía no II Plan de Calidade das universidades en 2002, elaborando o informe de autoavaliación da titulación. Tras a avaliación dun equipo auditor externo en 2004, recibíuse o informe final que incluíu unha serie de fortalezas e debilidades para as que se puxeron en marcha as accións de mellora pertinentes.
- Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2005-07. O equipo decanal daquel momento, e ante o reto de integrarse de forma inmediata no novo escenario do EEES con garantías de éxito, elaborou o devandito plan estratéxico establecendo os obxectivos de actuación.
- Misión e Visión da Facultade de Bioloxía, establecidas no Plan Estratéxico. Tamén se definiu o lema para a Facultade: “o seu éxito, o noso éxito”, que segue estando vixente na actualidade.
- Certificación do Deseño do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) da Facultade de Bioloxía. No curso 2008-09, o equipo decanal solicitou participar na primeira convocatoria da ACSUG para “deseñar” un SGIC dentro do Programa FIDES/AUDIT. En colaboración coa Área de Calidade da Universidade e a Comisión de Garantía Interna de Calidade da Facultade, elaborouse unha proposta documental do SGIC que incluíu o Manual de Calidade e unha serie de procedementos encadrados como estratéxicos, clave, de apoio e medición que foi presentada para a súa avaliación por ACSUG. Dita proposta recibiu un “Informe Favorable” con data de 30-01-2009.
- Implantación do SGIC. Levouse a cabo o despregamento de todos os procedementos do SGIC e a posta en marcha de múltiples accións que derivaron da súa aplicación. Paralelamente, realizouse un esforzo considerable en dar a coñecer a todos os grupos de interese do centro que é e para que serve o SGIC que se implantaba, permitindo así o desenvolvemento da calidade e a mellora continua a todos os grupos de interese.
- Certificación da Implantación do SGIC da Facultade de Bioloxía. En abril de 2013, e a proposta da área de Calidade da Universidade de Vigo, a Facultade de Bioloxía participou na convocatoria piloto de ACSUG para certificar a implantación do

SGIC. Tras a visita do equipo auditor obtivo a certificación con data 18-11-2013, facendo constar que o SGIC da Facultade de Bioloxía fora implantado de acordo ás directrices establecidas polo programa FIDES-AUDIT. A validez da certificación foi de cinco anos, ata 2019, sendo revisada en 2016.


- Evolución e mellora do sistema. A adecuación ás modificacións das normativas e á realidade das titulacións en cada momento, xunto ás esixencias e recomendacións dos programas de seguimento de títulos e de acreditación, fixeron que o propio sistema fose evolucionando, tendendo á simplificación e á mellor adecuación dos procedementos coa experiencia obtida na súa implantación. Iso fixo que se modificasen e adaptasen a totalidade dos procedementos, levándose a cabo de forma paulatina a implantación dos cambios derivados. Por outra banda, e como continuación na liña de mellora do SGIC, elaborouse un novo Manual de Calidade, así como a actualización do grupo de procedementos de planificación estratéxica que foron aprobados na Xunta de Facultade o 21 de xullo de 2022.
- Renovación da Certificación da Implantación do SGIC da Facultade de Bioloxía. O sete de maio de 2019 e tras a visita dun equipo auditor externo obtívoase a renovación da certificación por parte da axencia con validez de 5 anos (maio 2024), demostrando a estabilidade do SGIC da Facultade.

A aposta e compromiso coa calidade da Facultade desde 2002 ata os nosos días e o cumprimento dos procedementos do sistema de xestión de calidade permitiu conseguir a Acreditación Institucional (36019505) con data de 28 de xaneiro de 2019 (Resolución do Consello de Universidades) e con validez de 6 anos.

Durante todo este tempo, a nosa principal estratexia foi a mellora das titulacións da Facultade e o seu mellor posicionamento dentro do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Así, coa vista posta nos cambios acaecidos no mapa de titulacións do SUG, a incorporación de novas titulacións de ámbito biolóxico e coas novas esixencias marcadas polos cambios producidos no SGIC de despregar un procedemento DE01 para o Desenvolvemento Estratéxico, a Facultade de Bioloxía decide afrontar un novo proceso de reflexión e deseño estratéxico que nos permita analizar “onde estamos” fronte ao devir destes cambios e “cara a onde queremos ir”, co firme convencemento que vai supor un impulso para a Facultade e as súas titulacións, así coma para o entorno no que se desenvolve a actividade formativa e investigadora.

3. Diagnóstico do centro e as súas titulacións (DAFO)

A análise DAFO identifica as fortalezas, debilidades, ameazas e oportunidades de aquilo que se está estudando. Neste caso, o DAFO elaborado na Facultade de Bioloxía tivo por obxectivo identificar as necesidades e expectativas actuais do centro e as súas titulacións, así como determinar a súa situación no marco interno da institución e mesmo na contorna.



Preséntase a continuación a análise DAFO realizada durante o proceso de elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Bioloxía que recolle a reflexión dos grupos de traballo internos e que foi unha ferramenta clave no desenvolvemento das liñas estratéxicas e dos obxectivos que forman parte do mencionado programa.

DAFO. Debilidades

D1.	A relación do PDI coa Facultade e as titulacións é máis débil que antano, diminuíndo a súa implicación na toma de decisións.
D2.	Dificultades para a xestión de espazos de investigación e despachos do profesorado e PTXAS.
D3.	Oferta escasa de materias en inglés nas titulacións e dificultades para melloralas.
D4.	Escasa relación co entorno empresarial. É preciso impulsar a empregabilidade e a colaboración en materia de investigación e innovación.
D5.	Escaso coñecemento da profesión de Biólogo a nivel social e baixa estima das súas capacidades profesionais.
D6.	Escasa proxección das actividades do centro á sociedade.
D7.	A potencialidade en I+D+i dos grupos de investigación do centro repercute pouco na imaxe e solvencia da Facultade.
D8.	Baixa participación en programas de intercambio. Problemas de competencia lingüística.
D9.	Baixa presenza de estudantes estranxeiros (programas de mobilidade entrante) nas titulacións.
D10.	Escasa difusión interna da actividade dos grupos de investigación da Facultade.
D11.	Perda de funcións dos departamentos e menor implicación na actividade e toma de decisións no centro.
D12.	Mal estado de conservación e confort do edificio.
D13.	Escasa dispoñibilidade de persoal informático que apoie ás tarefas docentes e investigadoras.
D14.	A asistencia do estudantado ás aulas diminúe paulatinamente e redúcese a súa implicación na actividade do centro.
D15.	Participación pouco activa do estudantado na vida da facultade ou en asociacións, incluíndo a delegación de estudantes.
D16.	Baixo recoñecemento da labor docente en comparación coa investigadora.
D17.	Ausencia de plataformas para a xestión académica e a coordinación dos másteres interuniversitarios.
D17.	Escaso recoñecemento das figuras de coordinación, tanto nos másteres como nos cursos do grado.
D18.	Sinalización da facultade mellorable e non actualizada.
D19.	Escaseza de espazos de traballo en grupo e para uso social, en particular para o estudantado.
D20.	Non existencia de servizo de reprografía na facultade nin alternativas que sexan operativas.
D21.	Aumento do traballo burocrático do PDI.
D22.	Deficiencias no transporte público entre o campus e a cidade de Vigo e a súa contorna: pouca frecuencia, tempos de traxectos moi longos e poucas conexións directas.

DAFO. Fortalezas

F1.	O centro dispón de acreditación institucional en materia de calidade.
F2.	Elaboración do informe anual de revisión pola dirección con información importante para o seguimento das titulacións.
F3.	A titulación de Grao ten demanda e resulta atractiva para os novos estudantes.
F4.	Os másteres nos que participa a facultade, a maioría interuniversitarios, manteñen unha elevada taxa de matrícula.
F5.	A oferta de titulacións de posgrao é ampla, adecuada e suficiente.
F6.	A maior parte dos estudantes de grao e máster realizan prácticas externas.
F7.	Elevada cualificación docente e investigadora do profesorado que imparte nas titulacións do centro.
F8.	Relación fluída entre alumnos e profesores.
F9.	Plan de Acción Titorial implantado en todas as titulacións e con seguimento por coordinadores.
F10.	Elevado número de convenios para prácticas externas con empresas e institucións externas.
F11.	Existencia de mecanismos estables de coordinación da actividade académica e para a resolución de problemas de organización.
F12.	Número elevado de instalacións e equipamentos nos laboratorios usados para prácticas docentes.
F13.	Existencia de persoal técnico de apoio aos laboratorios docentes cualificado e estable.
F14.	Existencia dunha biblioteca especializada no mesmo edificio, con espazos e recursos ben dotados.
F15.	Existencia no centro de unidades de administración e servicios que apoian a xestión académica, económica, investigación e transferencia.
F16.	Acceso inmediato a ferramentas e medios de apoio á investigación (CACTI).
F17.	Desenvolvemento de TFG/TFM de alta calidade científica e atractivos para os estudantes que cursan as titulacións.
F18.	Alta carga práctica nas materias da titulación de grao e docencia de laboratorio en grupos reducidos.
F19.	Disponibilidade de recursos para a realización polo alumnado de prácticas de campo.
F20.	Existencia na facultade de grupos de investigación de elevado prestixio, tanto a nivel nacional como internacional.
F21.	Relacións estreitas e proximidade con centros singulares estratéxicos no eido da bioloxía como o CIM e o CINBIO, con instalacións/equipamentos de alto nivel científico-tecnolóxico.

DAFO. Ameazas

- | | |
|-------------|---|
| A1. | A oferta de titulacións de grado é escasa e hai limitacións para ampliála. |
| A2. | Posible diminución de estudantes de novo acceso a medio prazo polo descenso demográfico. |
| A3. | A titulación de grao en bioloxía existe nas tres universidades galegas. |
| A4. | Incremento da oferta académica de novos graos de ámbito biolóxico noutras universidades do SUG. |
| A5. | A taxa de inserción laboral dos graduados en bioloxía é de nivel moderado. |
| A6. | Falta de apoio institucional específico para á xestión académica e a coordinación dos másteres interuniversitarios. |
| A7. | Envellecemento dunha boa parte do PDI e dificultades nalgunhas áreas de coñecemento para cubrir a docencia. |
| A8. | Déficit de profesorado estable en algunhas áreas que, ademais, atenden a diferentes titulacións e/ou centros. |
| A9. | Falta de financiamento estable da actividade de investigación que afecta especialmente a grupos de pequeno tamaño. |
| A10. | Baixa interacción do tecido produtivo e empresarial coa facultade. |
| A11. | Pouca información sobre a adecuación dos perfiles egresados ás necesidades dos sectores produtivos. |
| A12. | Escaso recoñecemento da actividade docente do profesorado. |
| A13. | Certa desafección do estudantado coa vida social da facultade. |
| A14. | Dificultade para a xestión das prácticas externas logo dos últimos cambios normativos. |
| A15. | A situación do campus e as malas comunicacións dificultan a participación do alumnado nas actividades docentes e extraacadémicas. |

DAFO. Oportunidades

O1.	Elevado potencial dos grupos de investigación da facultade e centros relacionados.
O2.	Existencia de feiras de educación e de emprego nas que participa a facultade.
O3.	Renovación de boa parte do profesorado que pode servir para xerar novos dinamismos nas titulacións e no centro.
O4.	Interese institucional crecente para incluír metodoloxías innovadoras nas materias das titulacións.
O5.	Traslado futuro da facultade de Ciencias do Mar á ETEA e posible xeración de novos espazos no centro.
O6.	Proximidade xeográfica da facultade/campus con cidades e universidades importantes do norte de Portugal.
O7.	Existencia de programas de cooperación e investigación dentro da eurorrexión Galicia/Norte de Portugal.
O8.	Proximidade da facultade con empresas/entidades puxantes do sector biotecnolóxico e da industria do mar.
O9.	Existencia de centros singulares de investigación relacionados coa bioloxía e ámbitos afíns na Universidade de Vigo.
O10.	Contacto frecuente co estudiantado egresado para establecer/fortalecer relacións con empresas/entidades nas que está traballando.
O11.	Alta capacidade para fomentar e mellorar a internacionalización en base á colaboración do PDI con grupos estranxeiros, a relación transfronteriza e os programas de mobilidade.

4. Marco estratéxico. Misión, visión e valores.

O proceso de reflexión estratéxica levado a cabo para a elaboración de este Programa Estratéxico estruturase nunha serie de pilares que se recollen no seguinte esquema e que se desenvolverán nos seguintes puntos do documento:



Misión

A Facultade de Bioloxía é un centro que xera, desenvolve e transmite coñecementos que permiten a formación integral de científicos/as e profesionais da bioloxía, con espírito crítico, coñecementos actualizados e plenas competencias. A calidade docente e investigadora e o compromiso coas necesidades da sociedade son pilares nos que a Facultade fundamenta a súa actuación.

Visión

A Facultade de Bioloxía aspira a ser recoñecida polo seu estudiantado, a comunidade científica e a comunidade universitaria como un centro de referencia pola calidade e atractivo das súas titulacións, o elevado nivel de investigación e transferencia que desenvolve e o espírito de mellora continua na súa xestión.

Así mesmo, a facultade pretende ser recoñecida polos empregadores e a contorna como un referente pola formación dos seus titulados e a súa implicación como profesionais cualificados e comprometidos co progreso e a transformación da sociedade.

O éxito no desempeño por parte de todos os grupos de interese da Facultade contribuirá a situala como un centro de referencia no sur de Galicia, co obxectivo de alcanzar a excelencia na súa actuación e nos seus logros.

Valores

O desenvolvemento da nosa Misión e o avance cara á nosa Visión como Facultade deben realizarse no marco de principios e valores que sirvan como elementos transversais que dirixan as actuacións dos Grupos de Interese e que representen en todo momento os valores e a identidade da Universidade de Vigo. Para iso, é imprescindible que todos os membros da Facultade compartan no posible estes valores esenciais, dotando de identidade e personalidade propia á nosa forma de actuar, como parte fundamental da nosa cultura.

Os cinco valores fundamentais en complemento aos institucionais que apoiarán o desenvolvemento da nosa Misión e Visión son:

- **Innovación e acompañamento na formación.** Actualización de programas, contidos, metodoloxías de ensino, etc., que deben ser sometidos á revisión continua e adaptación ás necesidades e últimas tendencias. O docente é un acompañante da aprendizaxe e do desenvolvemento de capacidades profesionais, axudando a xestionar dificultades na contorna persoal e social.
- **Cultura da calidade.** Somos conscientes da necesidade de implantar a cultura do esforzo e asumimos a necesidade do rigor a través da mellora continua e a procura da eficiencia en todos os procesos.
- **Compromiso e responsabilidade.** Firme disposición para contraer obrigas e cumprir con elas, con atención ao que se fai ou se decide.
- **Defensa da igualdade e recoñecemento á diversidade.** A defensa da plena igualdade de trato e de oportunidade entre homes e mulleres, así como o respecto e recoñecemento á diversidade, son valores propios que deben repercutir en todos os niveis e campos de actuación.
- **Sostibilidade.** Compromiso coa responsabilidade social de cumprir cos obxectivos de desenvolvemento sostible, promovendo un crecemento económico que preserve o medio ambiente e redunde no benestar social.

O noso LEMA: “o seu éxito, o noso éxito”.


5. Liñas e obxectivos estratéxicos: 2024-2028

Tendo en conta o diagnóstico realizado e o marco estratéxico elaborado para o futuro, os **RETOS** contemplados para este plan relaciónanse principalmente con:

- Proporcionar unha **FORMACIÓN COMPLETA** e de **CALIDADE** en grao e posgrao potenciando a identificación dos titulados como profesionais da bioloxía.
- Recoñecer e apoiar a **ACTIVIDADE INVESTIGADORA** como un valor estratéxico para os obxectivos da Facultade.
- Coidar o **ENTORNO PERSOAL** e **COLECTIVO** como ferramenta para incrementar o sentido de pertenza á Facultade e fomentar a relación cos grupos de interese (Estudantado, PDI e PTXAS).
- Promover un uso eficiente dos **RECURSOS** do centro, incluíndo criterios de **SOSTIBILIDADE**.
- Impulsar a **PROXECCIÓN SOCIAL** da facultade, incluíndo as relacións co entorno empresarial.

A continuación, inclúese un esquema que resume a estratexia do centro para os vindeiros anos nunha ollada, expoñendo os eixos estratéxicos e os obxectivos de calidade dunha forma sintética.

Nas páxinas seguintes, despréganse de forma detallada as liñas, obxectivos e accións planificadas no Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Bioloxía.



Esquema. O Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Bioloxía nunha ollada.

Formación e
desenvolvemento
profesional

Obxectivo 1 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Promover unha oferta de grao e do posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda do entorno.

Liña estratéxica Facultade de Bioloxía

Desenvolver unha actividade académica e formativa de calidade ligada ás titulacións do centro que responda ás necesidades e expectativas da sociedade

Obxectivos de calidade

O.1. Promover unha oferta de grao e posgrao atractiva e de calidade, contrastada cos resultados académicos

ACCIÓN 1

Realizar un seguimento continuo dos indicadores académicos e de satisfacción do estudiantado nas titulacións de grao e máster.

ACCIÓN 2

Revisar a especialización das titulacións para adecualas á demanda formativa e da sociedade.

ACCIÓN 3

Analizar a posibilidade de implantar unha mención dual nalgunha das titulacións de máster.

ACCIÓN 4

Estudar a ampliación da oferta formativa coa implantación de dobres graos.

ACCIÓN 5

Impulsar estratexias de innovación docente que incorporen metodoloxías máis activas de ensinanza-aprendizaxe.

Formación e desenvolvemento profesional

Obxectivo 1 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo
 Promover unha oferta de grao e do posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda do entorno.

Obxectivo 26 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo
 Captar estudiantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria.

Liña estratéxica Facultade de Bioloxía

Desenvolver unha actividade académica e formativa de calidade ligada ás titulacións do centro que responda ás necesidades e expectativas da sociedade

Obxectivos de calidade

O.2. Atraer e captar estudantes con talento e vocación de formarse en bioloxía

ACCIÓN 1

Mellorar a información ofrecida na web sobre as titulacións.

ACCIÓN 2

Potenciar “Biovisitas” a centros de ensinanza secundaria e viceversa.

ACCIÓN 3

Participar en feiras e eventos de educación organizadas pola UVigo e entidades externas.

ACCIÓN 4

Incrementar a participación da Facultade no bacharelato STEM.

ACCIÓN 5

Reforzar a organización de eventos para o futuro estudiantado (xornadas de portas abertas, visitas ao centro, Olimpíadas de Bioloxía).

Formación e
desenvolvemento
profesional

Obxectivo 1 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Promover unha oferta de grao e do posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda do entorno.

Obxectivo 5 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade.

Liña estratéxica Facultade de Bioloxía

Desenvolver unha actividade académica e formativa de calidade ligada ás titulacións do centro que responda ás necesidades e expectativas da sociedade

Obxectivos de calidade

O.3. Promover accións que impulsen a mobilidade e a internacionalización.

ACCIÓN 1

Impulsar convenios de mobilidade internacional en novos destinos de interese.

ACCIÓN 2

Explorar as posibilidades de convenios para dobres titulacións internacionais.

ACCIÓN 3

Fomentar a inclusión de novas materias en inglés no Grao en Bioloxía.

ACCIÓN 4

Ofrecer información en inglés actualizada na web do centro.

ACCIÓN 5

Dispoñer dunha base de datos de estudantes de mobilidade para compartir a súa experiencia.

ACCIÓN 6

Estudar a posibilidade de incluír materias en inglés en titulacións de máster.

Formación e desenvolvemento profesional

Obxectivo 26 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Promover unha oferta de grao e do posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda do entorno.

Liña estratéxica Facultade de Bioloxía

Desenvolver unha actividade académica e formativa de calidade ligada ás titulacións do centro que responda ás necesidades e expectativas da sociedade

Obxectivos de calidade

O.4. Potenciar unha actividade docente de calidade mediante a formación continua do PDI e PTXAS e a orientación e titorización do estudiantado.

ACCIÓN 1

Fomentar a formación continua do PDI mediante cursos de formación e innovación a nivel institucional ou de centro, con particular énfase no profesorado de nova incorporación.

ACCIÓN 2

Promover a formación continua do PTXAS mediante cursos específicos no ámbito científico.

ACCIÓN 3

Intensificar as accións de titorización e orientación ao estudiantado na vida académica.

Formación e desenvolvemento profesional

Obxectivo 1 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Promover unha oferta de grao e do posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda do entorno.

Obxectivo 2 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Desenvolver proxectos formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do estudiantado.

Liña estratéxica Facultade de Bioloxía

Desenvolver unha actividade académica e formativa de calidade ligada ás titulacións do centro que responda ás necesidades e expectativas da sociedade

Obxectivos de calidade

O.5. Potenciar nos estudantes o desenvolvemento dunha carreira profesional e dotalos de ferramentas que faciliten súa empregabilidade.

ACCIÓN 1

Estimular e promover a realización de prácticas externas por parte dos estudantes.

ACCIÓN 2

Impulsar novos convenios de cooperación educativa para prácticas externas en ámbitos profesionais de especial interese.

ACCIÓN 3

Realizar actividades de empregabilidade e estimular a participación do estudiantado de grao e máster.

ACCIÓN 4

Promover a impartición polo PDI de microcredenciais como estratexia de colaboración en materia formativa con persoal de empresas.

ACCIÓN 5

Identificar nichos de emprego mediante estudos propios de inserción laboral dos estudantes titulados da facultade.

Investigación

Obxectivo 21 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Potenciar e promover a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia dos resultados

Liña estratéxica Facultade de Bioloxía

Incrementar a visibilidade da investigación desenvolvida no centro como valor propio e para a formación de novos investigadores.

Obxectivos de calidade

O.6. Visibilizar e difundir a actividade investigadora dos grupos no entorno do centro, en particular entre o estudiantado

ACCIÓN 1

Dar visibilidade aos grupos de investigación da Facultade e centros relacionados.

ACCIÓN 2

Promover a difusión das actividades de investigación que se desenvolven nos laboratorios da Facultade.

ACCIÓN 3

Promover a motivación pola investigación entre os titulados de grao e máster e a incorporación aos grupos de investigación.

Persoas

Obxectivo 24 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria

Liña estratéxica Facultade de Bioloxía

Fomentar o sentido de pertenza dos grupos de interese á facultade mediante o cuidado do entorno persoal e colectivo e a súa implicación na vida do centro

Obxectivos de calidade

O.7. Apoiar e impulsar a participación do PDI, PTXAS, estudantado e egresados nas actividades e proxectos da facultade

ACCIÓN 1

Potenciar medidas de apoio ao colectivo do estudantado a través da delegación de estudantes.

ACCIÓN 2

Fomentar a presenza do PDI non permanente, PTXAS e estudantado nos órganos de goberno do centro.

ACCIÓN 3

Impulsar a participación do PDI, PTXAS e estudantado en actividades de difusión da Facultade e as súas titulacións.

ACCIÓN 4

Fomentar a participación en actividades extra-académicas dos grupos interese, incluíndo egresados.

ACCIÓN 5

Potenciar a comunicación cos egresados mediante unha comunidade *Bio-Alumni*.

Persoas

Obxectivo 24 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria

Liña estratéxica Facultade de Bioloxía

Fomentar o sentido de pertenza dos grupos de interese á facultade mediante o cuidado do entorno persoal e colectivo e a súa implicación na vida do centro

Obxectivos de calidade

O.8. Promocionar a cultura de igualdade e de atención á diversidade en todos os ámbitos de actuación da facultade

ACCIÓN 1

Impulsar accións e protocolos que aborden a perspectiva de xénero e a igualdade como valor esencial da formación académica e persoal.

ACCIÓN 2

Definir un plan propio de atención á diversidade que garanta a igualdade de oportunidades e a integración no centro.

Organización e recursos

Obxectivo 11 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestructuras universitarias

Liña estratéxica Facultade de Bioloxía

Conservar, renovar e ampliar as infraestructuras e equipamentos dispoñibles na facultade e optimizar o seu uso.

Obxectivos de calidade

O.9. Mellorar as infraestructuras e equipamentos da facultade.

ACCIÓN 1

Promover accións de mellora do estado de conservación e confort do edificio.

ACCIÓN 2

Incrementar a dispoñibilidade de espazos de uso grupal e social, en particular, para o estudiantado.

ACCIÓN 3

Promover accións de mellora no aparcadoiro do edificio de ciencias.

Organización e recursos

Obxectivo 11 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias

Liña estratéxica Facultade de Bioloxía

Conservar, renovar e ampliar as infraestruturas/equipamentos e servizos dispoñibles na facultade e optimizar o seu uso.

Obxectivos de calidade

O.10. Promover o uso eficiente dos recursos e mellorar os servizos para os grupos de interese do centro

ACCIÓN 1

Revisar a distribución de espazos de uso docente e de investigación para adecuala ás necesidades actuais.

ACCIÓN 2

Impulsar medidas de sostibilidade e eficiencia no uso de equipos e instalacións comúns.

ACCIÓN 3

Mellorar os servizos de apoio á actividade académica e a vida social do estudiantado no centro.

Relación coa sociedade

Obxectivo 6 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo

Liña estratéxica Facultade de Bioloxía

Impulsar a proxección externa da facultade e a relación coa contorna social e empresarial

Obxectivos de calidade

O.11. Dar visibilidade á actividade investigadora e de divulgación para mellorar a proxección da facultade na contorna.

ACCIÓN 1

Mellorar a información pública sobre os grupos de investigación do centro e os proxectos que están a desenvolver.

ACCIÓN 2

Impulsar accións de carácter científico-divulgativo dirixidas a grupos de interese da contorna.

Relación coa sociedade

Obxectivo 6 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo

Liña estratéxica Facultade de Bioloxía

Impulsar a proxección externa da facultade e a relación coa contorna social e empresarial

Obxectivos de calidade

O.12. Intensificar as relacións coas empresas e o colexio profesional para fomentar a empregabilidade

ACCIÓN 1

Promover iniciativas de interacción con egresados para compartir sinerxias coas entidades empregadoras.

ACCIÓN 2

Impulsar a participación en feiras de emprego a nivel local e/ou rexional.

ACCIÓN 3

Fomentar a presenza do Colexio de biólogos na Facultade e a súa proxección cara aos futuros egresados.

ACCIÓN 4

Desenvolver estudos propios de inserción laboral dos egresados das titulacións do centro.

6. Metodoloxía para a elaboración do Programa Estratéxico

Os traballos que se levaron a cabo para preparar e elaborar o Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Bioloxía comezaron o 17 de decembro de 2021, coa aprobación na Xunta de Centro dunha comisión específica. Dende o primeiro momento tratouse de que na devandita Comisión estivesen representados os distintos grupos de interese do centro, PDI, PTXAS e estudantado, así como se contou coa colaboración coas persoas egresadas e da institución que representa ao colectivo profesional, o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia. Ao mesmo tempo, no desenvolvemento dos traballos deuse conta detallada da evolución no seo da Comisión de Calidade, na que anualmente faise un seguimento das titulacións que oferta a Facultade e se dá conta dos resultados obtidos e das metas acadadas mediante o Informe de Revisión pola Dirección, un documento de especial relevancia ata o momento para guiar as actuacións do centro. Tamén recadouse en todo momento a opinión e suxestións dos membros do Equipo Directivo do centro, as cales foron de especial relevancia para o deseño da estratexia a seguir durante os traballos de elaboración do Programa Estratéxico.

A elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Bioloxía foi un proceso liderado pola propia Facultade seguindo o procedemento DE01-05 “Programación e desenvolvemento Estratéxico”. Tomando como punto de partida o Plan Estratéxico da Universidade e a particular idiosincrasia da Facultade (antecedentes, identidade propia, fortalezas, debilidades, oportunidades, ameazas), desenvolveuse un proceso colaborativo de análise e toma de decisións no seo da Comisión Técnica nomeada para a elaboración do Programa. As diferentes accións desenvolvidas, e os rexistros e evidencias que recollen as decisións adoptadas poden observarse no cadro inferior.

O proceso finalizou coa súa validación na Comisión de Calidade do Centro e a aprobación definitiva pola Xunta de Facultade o 18 de decembro de 2024. Así mesmo, validouse e deuse aprobación nestes órganos ao Plan Director 24-48 que establece a temporalidade das actuacións asociadas aos obxectivos do Plan de Desenvolvemento Estratéxico e que debe servir de guía para facer unha Facultade máis competitiva no mapa universitario e máis adaptada aos cambios no entorno e na sociedade.

O Plan de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Bioloxía está dispoñible a través da páxina web, tanto para a comunidade universitaria como para a sociedade no seu conxunto. Así mesmo dispónse de documentos en edición impresa no Decanato da Facultade.

Relación de integrantes da Comisión redactora do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade que traballaron na súa elaboración:

- Mercedes Gallardo Medina. Decana da Facultade de Bioloxía. Enlace de Igualdade da Facultade
- Jesús Manuel Míguez Miramontes. Vicedecano de Calidade, Innovación e Proxección Social.
- M^a Fuencisla Mariño Callejo. Vicedecana de Estudantado e Organización Docente. Enlace de Diversidade da Facultade.
- Juan Pérez Fernández. Vicedecano de Internacionalización, mobilidade e prácticas externas.
- Emilio Gil Martín. Secretario da Facultade.
- María Fariza Novoa. Administradora do centro.
- M^a Carmen Sieiro Vázquez. Directora do Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde.
- Diana Valverde Pérez. Directora do Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.
- Pedro Pablo Gallego veigas. Coordinador do Máster en Biotecnoloxía Avanzada.
- José Manuel García Estévez. Coordinador do Máster en Bioloxía Mariña.
- José Luis Soengas Fernández. Coordinador do Máster en Acuicultura.
- Armando Caballero Rúa. PDI
- Isabel María Pardo Gamundi. PDI.
- Manuel Ángel Pombal Diego. PDI.
- Susana Magadan Mompo. PDI.
- Manuel Eduardo Gallardo Ortega. PTXAS. Técnico de Laboratorio.
- Mauro Rivas Ferreiro. Estudante de doutoramento e PDI non permanente.
- André Riveiro Suárez. Estudante de mestrado.
- Sara Isabel Fernández Pazos. Estudante de grao e presidenta da Delegación de Estudantes.
- Antía Verde Rodríguez. Egresada.

Reunións da Comisión Técnica e con outros grupos de interese.

A elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico supuxo a posta en marcha de diferentes accións por parte dos órganos do centro e pola comisión técnica designada para dita tarefa, así como reunións con referentes internos e externos. En concreto destacamos as seguintes actividades:

- 31-05-2022. Reunión da Comisión de Calidade que, de acordo co procedemento de calidade DE-01, tratou a necesidade de elaborar un Programa de Desenvolvemento Estratéxico do centro proponendo unha comisión técnica para as tarefas respectivas.
- 21-07-2022. Aprobación pola Xunta de Facultade da Comisión Técnica para á elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Bioloxía.

- 14-10-2022. Reunión do Equipo Decanal para revisar os eixos e obxectivos do Plan Estratéxico da UVigo e propoñer os correspondentes da Facultade de Bioloxía.
- 21-04-2023. Presentación na Comisión de Calidade dos eixos e obxectivos do plan e as actuacións levadas a cabo. Recollida de achegas.
- 20-10-2023. 1ª reunión da Comisión Técnica. Presentación preliminar do programa, documentación de referencia e consulta. Deseño das actuacións para a elaboración do plan.
- 25-01-2024. 2ª reunión da Comisión Técnica. Inicio dos traballos para a análise DAFO e recollida de propostas.
- 18-06-2024. 3ª reunión da Comisión Técnica. Achegas para a análise DAFO e ordenación nos diferentes eixos estratéxicos.
- 15-10-2024. 4ª reunión da Comisión Técnica. Revisión de achegas da análise DAFO e dos eixos estratéxicos. Elaboración das liñas estratéxicas do centro de acordo coas establecidas pola UVigo.
- 05-12-2024. 5ª reunión da Comisión Técnica. Definición dos obxectivos estratéxicos de calidade e propostas de accións para o seu desenvolvemento. Aprobación dun borrador do Programa de Desenvolvemento Estratéxico.
- 05-12-2024. Difusión do borrador do Programa Estratéxico aos grupos de interese da facultade. Apertura de prazo para recibir aportacións.
- 05-12-2024. Achega do borrador do Programa a referentes externos (COBGA e empresas colaboradoras).
- 13-12-2024. 6ª reunión da Comisión Técnica. Revisión de emendas e aportacións dos grupos de interese. Aprobación do documento definitivo pola comisión.
- 17-12-2024. Revisión e aprobación do Programa Estratéxico pola Comisión de Calidade.
- 19-12-2024. Aprobación do Programa Estratéxico pola Xunta de Facultade.
- 20-12-2024. Difusión do Programa Estratéxico na web do centro.

7. Seguimento e revisión do Programa Estratéxico.

O seguimento do Programa Estratéxico levarase anualmente mediante os Informes de Revisión pola Dirección que avaliarán o desenvolvemento das accións estratéxicas e o grado de consecución dos obxectivos de calidade.

O Cadro de Mando, como documento que recolle e avalía o panel de indicadores asociados ao SGC, servirá tamén para desenvolver aqueles outros indicadores específicos do Programa de Desenvolvemento Estratéxico do centro. A responsabilidade da revisión anual do nivel de cumprimento recaerá na dirección do centro e na Comisión de Calidade.

8. Anexo. Referentes para a elaboración do Programa Estratéxico.

A elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico foi un traballo de reflexión e autoavaliación feito desde o propio centro e os seus grupos de interese. Non obstante, unha parte esencial do traballo apoiouse no emprego de referentes internos e externos incluíndo indicadores, informes, etc. Entre outros referentes utilizados, atópanse os seguintes:

- Plan Estratéxico da Universidade de Vigo 2021-26.
<https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/noticias/plan-estratexico-2021-2026>
- Portal de Transparencia da Universidade de Vigo. Cifras e informes internos da Facultade de Bioloxía. <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/5>
- Informes anuais de Revisión pola Dirección da Facultade de Bioloxía (desde 2014-15 ata 2022-23) <https://bioloxia.uvigo.es/gl/facultade/a-facultade-en-cifras/>
- Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) da Facultade de Bioloxía. <https://bioloxia.uvigo.es/gl/calidade/sistema-de-garantia-de-calidade/>
- Observatorio de persoas tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social. <https://observatorio.uvigo.gal/es/insercion-laboral/informes/>
- Web RIS3 da Xunta de Galicia <http://gain.xunta.gal/artigos/69/plans>
- Web do Ministerio de Derechos Sociais, Consumo y Agencia 2030. Estrategia de Desarrollo Sostenible 2030.
<https://www.mdsocialesa2030.gob.es/agenda2030/index.htm>
- Plan Estratégico de la Facultad de Ciencia y Tecnología de la Universidad del País Vasco, extensión 2021-23. <https://www.chu.eus/es/web/zientzia-teknologia-fakultatea/plan-estrategico>
- Plan Director 2023-24 de la Facultad de Ciencias de la Universidad de Granada.
<https://fciencias.ugr.es/estrategia-y-calidad#politica>
- Plan de Acción de la Facultad de Ciencias 2021-24, Universidad Autónoma de Madrid.
https://www.uam.es/Ciencias/Plan_de_Accion_2021_2024/1446833980671.htm?language=en&nodedpath=Plan%20de%20Acci?n%202021-2024&pid=1234888214159
- Web de la Conferencia Española de Decanos/as de Biología.
<https://www.uco.es/ccdb/>
- Web do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.
<https://www.biologosdegalicia.org/index.html>